

# **Asociación Galega da Froita autóctona do Eume**

(AGFA do Eume)

## **MEMORIA 2008**

AGFA do Eume, asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, foi dada de alta o **29 de xaneiro de 2008**, e inscrita co número 2008/011240-1 (SC).

A partires desa data, representantes da Directiva, presentaron a AGFA do Eume nos Concellos da Comarca e o seu entorno, Consellería Medio Rural e Deputación de A Coruña.

Ó longo do ano celebráronse varias Xuntas Xerais, e da Directiva, co fin de determinar obxectivos e actividades e resolver asuntos que se nos presentaban.

Actividades obxectivo e realizadas no ano 2008

### **Obxetivos**

- ✕ Inventario da froita na Comarca do Eume e o seu entorno.
- ✕ Encontros culturais da exaltación da froita.
- ✕ Recuperación da tradición da cesta do Nadal con froita de outono.
- ✕ Campos de demostración e ensaio.
- ✕ Páxina Web: [www.agfadoeume.org](http://www.agfadoeume.org)
- ✕ Publicación sobre a incidencia económica e social da froita na Comarca do Eume e o seu entorno.
- ✕ Cursos de fruticultura nas parroquias.
- ✕ Actividades nas escolas.

### **Realizadas a 31.12.2008**

- ☺ Presentación nos Concellos, Delegación de Medio Rural e Deputación.
- ☺ Reserva do dominio para a páxina web: [www.agfadoeume.org](http://www.agfadoeume.org)
- ☺ Plantación de maceiras e charlas nas escolas: Andrade, Ombre, Centroña, Doroña / Torres, Casa Rosa, San Martín
- ☺ Plantación dun campo de demostración de maceiras, catalogadas de interese, en Doroña
- ☺ Inspección e recoñecemento de hortas para campo de ensaio de cereixa autóctona
- ☺ Inventario de cereixa autóctona
- ☺ Recollida e enxertado de variedades a conservar
- ☺ Enxertado en viveiro de variedades de cereixa autóctona
- ☺ Inventariado da froita na Comarca do Eume e o seu entorno
- ☺ Acordo co Concello de San Sadurnino para un campo de conservación de variedades
- ☺ Elaboración de cestos para recuperación da tradición da cesta do Nadal
- ☺ Exposición de froita nas Festas das Peras
- ☺ Festa de exaltación e degustación de froita na escola de Andrade
- ☺ Continua-las actividades nas escolas
- ☺ Preparación do terreo de 1,5 Ha para campo de conservación de variedades en San Sadurnino
- ☺ Cursos de fruticultura nas parroquias
- ☺ Preparación e alta da páxina web: [www.agfadoeume.org](http://www.agfadoeume.org)

### **Obxetivos non cumprimentados**

- ☹ Recollida de información para a publicación sobre a incidencia económica e social da froita
- ☹ Preparación do terreo e plantación nos campos de ensaio de cereixa en Ombre e Doroña
- ☹ Feirón para recuperación da tradición da cesta do Nadal con froita de outono.

### **Previstas non realizadas**

- ☹ Festa de exaltación da froita de outono en Ares

**Asociación Galega da Froita autóctona do Eume**  
(AGFA do Eume)

No mesmo mes de febreiro nos presentamos ás convocatorias de axuda para entidades sen ánimo de lucro

- **Consellería da Presidencia:**

*Para crear medios de información electrónica para o ano 2008*

Aprobada en 400,00 euros

- **Deputación da A Coruña:**

*Para actividades de fomento e dar o coñecer os froitos autóctonos do Eume para o ano 2008*

Aprobada en 3.989,12 euros

- **Consellería do Medio Rural:**

*Para impartir curso, subministro de frutais e preparación de terreos para o ano 2008*

Concedida en suministros e servicios (valor aproximado de 7.700,00 euros)

. *Impartir curso de fitosanitarios.*

. *Subministro de frutais para colexios, Campos de Demostración e Conservación de Variedades.*

. *Facer plantas de cerdeiras autóctonas para Campos de Ensaio.*

. *Abonao de fondo, subsolado e fresado do Campo de Conservación de Variedades.*

Cando estivemos a facer, entre os socios, o inventario da froita da Comarca co fin de levantar as cerdeiras autóctonas que dispoñíamos, co fin facer planta para os Campos de Ensaio, veuse a necesidade de dispoñer de un Campo de Conservación de Variedades con unha superficie > 1Ha.

Despois de conversas con concellos da Comarca e entorno, e avaliar as propostas, asinouse, co Concello de San Sadurniño, un convenio de cesión de uso dunha horta de 10.041 m2 por 30 anos, para “*Horta de Conservación e Demostración das Froiteiras Autóctonas*” das comarcas do Eume, Ferrol e Ortegal.

O número de socios a 30.12.08 e dun total de 94, según o seguinte desglose:

<i>Socios Fundadores:</i>	<i>12</i>
<i>Socios Colaboradores:</i>	<i>4</i>
<i>Socios Numerarios:</i>	<i>73</i>
<i>Socios Xuvenís:</i>	<i>1</i>
<i>Socios Honorarios:</i>	<i>6</i>

*Manifestamos, por parte da AGFA do Eume, o agradecemento a Consellería da Presidencia, Consellería do Medio Rural/Delegación Provincial e CIAMabegondo/Bergondo e Deputación de A Coruña, por o apoio cos fins da Asociación.*

*Ó Director, claustro de profesoras e alumnos do Colexio Público de Andrade por a súa acollida, entusiasmo e entrega nas actividades propostas.*

Asinado:

Presidente

Secretario